



Edición xestionada
por [Vieiros e o
Colexio de
Xornalistas de Galicia](#)

FORO

A sección onde
deixares [as túas
opinións](#),
comentarios ou
suxestións e debater
con outros
internautas.

O CÓDIGO ABERTO METE UN PÉ NA eADMINISTRACIÓN

Tres de cada dez concellos usan software libre

[20/07/2006 14:56] O 32% dos concellos galegos está empregando ferramentas de software libre, porcentaxe que nos concellos máis grandes chega até o 70%. Son cifras do estudo realizado polo Observatorio Galego do Software Libre, integrado na iniciativa [Mancomún.org](#), que subliña a importancia da administración local coma "o eido máis favorábel actualmente na introdución das plataformas libres" e destaca o alto grao de satisfacción demostrado polos concellos. O descoñecemento segue sendo a barreira principal na aposta polas aplicacións de código aberto nos concellos e se ben o primeiro chanzo no acceso xa se andou, non hai datos aínda sobre o nivel real de introdución e de uso do conxunto de ferramentas posíbeis.

O informe presentado este xoves afirma que os responsábeis municipais apenas lle dan importancia ao software libre, 2.8 puntos sobre 10, se ben paradoxalmente si consideran clave as TIC e a sociedade da información, 7.2 sobre 10. Ademais, moi poucos recibiron peticións externas, ben de colectivos internautas, veciños ou outros para ampliar servizos de administración electrónica e menos aínda para empregar aplicacións de software libre. Con todo, o informe baséase nunha serie de entrevistas telefónicas, e unha análise cualitativa posterior recolle a recomendación dos expertos para unha profundización nesos datos, definindo a porcentaxe de uso do software libre dentro do conxunto de software do que cada concello dispón "e non só a porcentaxe dos que o empregan, sexa moito ou pouco".

Cara ao futuro, o informe recomenda que as administracións fagan o camiño cun criterio crecente de complexidade: "Primeiro no campo dos servidores e na infraestrutura; segundo nos postos de usuario: aplicacións lixeiras de comunicacións, de navegación e deseguridade, despois, na ofimática, e finalmente, nos sistemas operativos; e en terceiro lugar, nas aplicacións corporativas: novas aplicacións en primeiro lugar e despois as de xestión tradicional (contabilidade, nómina...)".

Apúntase tamén a necesidade de comprometer aos propios provedores do material informático na presenza do software libre, xa que moitos concellos pequenos e medios aínda non contan con técnico informático ningún, e destácase o défice de empresas provedoras de software libre, sendo que en ocasións quedan desertas algunhas contratacións ao non haber ofertas. Diante desa carencia, propónse compartir entre concellos proxectos de desenvolvemento e adquisición de aplicacións e mesmo crear foros ou puntos de encontro entre concellos como forma de dinamizar a introdución do software libre.

Detectouse ademais un défice formativo, que tamén lle afecta aos propios responsábeis informáticos das administracións, situación para a que se propón que diante das limitacións dos propios concellos, se desenvolvan cursos desde a propia Xunta ou desde as deputacións, en colaboración coa administración local. Ao tempo, criticábase tamén certo estancamento dos programas formativos no eido das novas tecnoloxías que xa están en funcionamento.

Ligazóns relacionadas:

[Anterior: Galiza xunta esforzos a prol do software libre](#)

OUTRAS NOTICIAS

[Os wikipedistas debaten o futuro da enciclopedia libre](#)
[Por que as escolas deberían usar exclusivamente software libre](#)
[Que esperamos da administración electrónica?](#)
[Redes municipais sen fíos xestionadas por colectivos sociais?](#)
[A facenda portuguesa pon en liña unha lista de morosos](#)
[Contempla a catedral como un peregrino do século XII](#)
[Os que nos deixamos copiar](#)
[O goberno canario e Google limpan o litoral de caos urbanístico](#)
[Organizando contidos co 'Joomla' agora en galego](#)
[Folga de 'móviles caídos' na Arxentina](#)

© Vieiros